

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE MODIFICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES SELECCIONADAS E EXCLUÍDAS NO MARCO DA CONVOCATORIA PARA CURSAR ESTUDOS EN PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS NO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2023-2024

O 16 de maio de 2023 publicouse a resolución reitoral pola que se convocaban prazas de intercambio co obxecto de cursar o segundo cuadrimestre do curso 2023-24 en países extracomunitarios e as axudas económicas para estas mobilidades. O 4 de agosto publicouse a resolución reitoral coas listaxes de axudas adxudicadas: no Anexo I, a listaxe coas persoas beneficiarias dunha bolsa Erasmus+, destinada a estadias de mobilidade nos destinos que teñen subscrito un convenio coa Universidade de Vigo no marco do programa Erasmus+, e, no Anexo II, a listaxe de axudas adxudicadas baixo o concepto de bolsa propia da Universidade de Vigo na que se incluía unha adxudicación sen dotación económica.

Despois de detectar que unha das universidades de destino que figuraba no Anexo II ten un convenio subscrito coa Universidade de Vigo no marco do programa Erasmus+ e advertido un erro no nome dunha universidade de destino, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar unha modificación da listaxe definitiva de solicitudes seleccionadas con adxudicación da axuda Erasmus+ (Anexo I), engadindo á solicitante beneficiaria:

Apelidos e nome	Titulación	Destino / País	Bolsa Erasmus	Axuda viaxe
Vargas Borrajo, Lucía	Grao en Educación Primaria	Universidade do Estado de Santa Catarina, Brasil	3.800	1.500

2. Publicar as seguintes modificacións da listaxe definitiva de solicitudes seleccionadas coa adxudicación dunha bolsa propia da Universidade de Vigo (Anexo II):

- Eliminar a solicitude de Lucía Vargas Borrajo, que debe figurar na relación de axudas do Anexo I.
- Adxudicar unha axuda con dotación económica á solicitante en lista de agarda:

Apelidos e nome	Titulación	Destino / País	Bolsa Propia
Crespo Miguélez, María	Grao en Administración e Dirección de Empresas	Universidad de los Andes Chile	1.500 €

- Corrixir a universidade de destino:

Apelidos e nome	Titulación	Destino / País	Bolsa Propia
Balado Cabaleiro, Coral	Grao en Educación Social	Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM), México	1.500 €
Estévez Rodríguez, Diana	Grao en Educación Social	Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM), México	1.500 €

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).



Os prazos empezan a contar dende o día seguinte da publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación, R.R. do 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel del Pozo Triviño

